



CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA
AXENCIA TRIBUTARIA

CAMPAÑA DE RENDA 2008

Hoxe, de novo, tivemos reunión para tratar as condicións da Campaña de Renda deste ano. Como esperabamos, a AEAT manifesta a súa intención de manter o acordo do ano pasado en todos os aspectos, tanto económicos (é dicir, non hai suba das contías) como de organización.

Dende a CIG solicitamos, un ano máis:

- Información relativa aos orzamentos da Campaña e a suba das retribucións respecto ao ano pasado
- Que se pague a totalidade dos tempos traballados
- Que a campaña comezou hoxe (1 de abril) , pois xa está aberto o prazo para modificar e confirmar o borrador, e polo tanto, se debe retribuir ao persoal desde o primeiro día traballado
- Que se teña en conta a necesidade do persoal de apoio informático durante toda a xornada
- Horarios homoxéneos e negociados previamente na Mesa de Campaña de Renda
- Que se respeten os tempos de descanso necesarios e a necesidade dun tempo mínimo de 15 minutos por declaración

Quedamos emplazados para os días 14 ou 15 de abril, esperemos que daquela xa con propostas concretas, pero a nosa impresión é que a AEAT non vai mover nin un dedo polos traballadores que co seu esforzo fan que a Campaña de Renda saia adiante.

01/04/09

CIG AEAT
DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA
Rúa Comandante Fontanes, 10-sot.
Télf.:981 61 68 89/687 82 15 44
Fax:981 12 72 22
cigaeat@gmail.com
mariacarmen.ares@correo.aeat.es
WWW.CIGAEAT.COM